




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante Resolución Rectoral do pasado 4 de outubro de 1999, realizábase unha interpretación da táboa de adaptacións do plano de estudos de 1994 ó plano de estudos de 1999 que se implantou no curso 99/2000. Nesta resolución na alínea novena incluíase a táboa de adaptación, logo do informe do centro, do plano de estudos de 1973 ó plano de estudos de 1999.

Sen embargo en ningunha das táboas de adaptación de Farmacia figura a posibilidade de adaptar ou validar as Prácticas Tuteladas realizadas polos alumnos que cursan o plano de estudos de 1973 cando a súa realización e duración está sometida á normativa comunitaria : Directiva Comunitaria 85/432 da Comunidade Económica Europea realizaban 6 meses de prácticas (800 horas). Co obxecto de solventar esta situación e axilizar as solicitudes de adaptación que ó respecto fagan os alumnos

**RESOLVO**

**UNICO.-** Tendo en Conta que as Prácticas Tuteladas que cursaron os alumnos do plano de estudos de 1973 se realizaron aplicándolle a normativa comunitaria que as regulaba, tanto na súa duración (6 meses e 800 horas) como nos establecementos nos que se podían realizar procede adaptar as Prácticas Tuteladas cursadas polos alumnos do plano de estudos de 1973 á materia troncal: Estancias dos planos de estudio reformados aprobados mediante Resolución Rectoral do 7 de xullo de 1994 (BOE do 5 de agosto) e a Resolución Rectoral do 27 de xullo de 1999 (BOE do 21 de Agosto).

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2000

**O RECTOR**



Darío Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR. SECRETARIO XERAL  
- SRA. DECANA DA FACULTADE DE FARMACIA - SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA - SRA.  
XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. DIRECTOR DO COIE - SR. DIRECTOR DO SEIN - SRS.  
XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.